

a métrica do ilusionismo  
caxigueiro





A MÉTRICA DO ILUSIONISMO é unha proposta que revisa algunhas das series máis representativas da miña traxectoria dende o 2005 ate a actualidade.

Nestas últimas décadas a arte mudou notablemente. Cada vez é máis habitual que os artistas plásticos decidan interferir noutras disciplinas. Nunca se gozou de tanta liberdade, nin se tiveron á man tantos instrumentos á hora de abordar os equilibrios ou desequilibrios derivados dos límites. Outra cousa son os discursos, algunhas olladas seguen atopando os mesmos atrancos cando se trata de cuestionar o sistema de valores hexemónico.

A evolución do meu traballo pasa por indagar en espazos que sempre despertaron o meu interese pero que só nos últimos tempos adquiriron unha relevancia maior. Tanto a fotografía como a poesía estiveron presentes na miña traxectoria discretamente, aportando matices, enriquecendo e ampliando a contorna que ían marcando a escultura e a instalación. Hoxe comparten tempo e procesos e, con frecuencia, establecen relacións tan próximas que resulta difícil saber

onde está realmente a orixe dalgunhas creacións. Cada disciplina dispón de autonomía dabondo para achegarnos a experiencias perceptivas ben diferentes.

Nos inicios, a hexemonía da escultura é inequívoca, tamén a necesidade de expandir os seus límites físicos. Coa instalación «Danza» (1989), iníciase unha viaxe que vai facilitar a presenza doutras prácticas artísticas e a exploración –máis ou menos intensa– de novos campos de actuación.

Esta mostra, aínda que pode sorprenden a algúns, resume á perfección os cambios que se foron dando, dun xeito pausado, sen guión previo, deixando aflorar unicamente as necesidades estéticas e conceptuais de cada momento. Seguen presentes as mesmas temas: o interese por narrar, a seriación, o social, etc. Estilisticamente, algunhas solucións poden parecer máis compracentes, debido a que a idade acouga a vehemencia e algunhas novas influencias, menos contemporáneas, procuran solucións formais quizais máis controvertidas.



## ESCULTURA-INSTALACIÓN

Sen dúbida, nestes campos, é onde me resulta máis doado resolver os problemas propios da produción artística. Tamén, entre todas as artes, é con estas coas que podo establecer un diálogo máis fluído. Manipular ou articular a materia, alterar o espazo arquitectónico, subverter os marcos, procurar estruturas mentais que nos acheguen ao teatro, son cualidades propias destas destas disciplinas.

Os obradoiros de cerámica popular da miña infancia en Mondoñedo familiarizáronme coa arxila e co volume. Ver aqueles artesáns traballar era o máis parecido a unha sesión de maxia. O primeiro contacto coa instalación tivo lugar no Palacio de Cristal, en Madrid,

seguramente a finais dos 70. Deixou unha fonda pegada que aínda segue presente.

Desgraciadamente non lembro o autor, pero estou por asegurar que foi un dos episodios máis emocionantes que lembro.

Mediante este medio espínme como con ningún outro, foi a terapia perfecta para poñerlle rostro a moitas das preocupacións e medos que aínda me acompañan, pero tamén para afirmar o meu compromiso coa utopía social tan perseguida por moitos artistas que me precederon.





## FOTOGRAFÍA

«Saír-modificar» (1992), é a primeira das miñas obras que incorpora esta técnica. Nesa ocasión non eran nin sequera imaxes da miña autoría, senón que procedían de arquivos privados. A principio deses década, unha cámara analóxica, favoreceu as miñas primeiras experiencias relacionadas co *land art*. Con posterioridade, a fotografía, seguiu formando parte de obras e proxectos importantes: «Tazos e Camiños» (Xacobeo 93), «Fóra de campo» (Outono Fotográfico, 2014), «Camiño de Volta» (Casa da Parra, Compostela, 2016).

Estes últimos anos é notable a presenza da fotografía no meu traballo. Cohabita nese universo creativo-afectivo que me permite abeirar, de novo, lugares onde

se manifesta sobre todo a intuición. En moitos casos, o proceso, o xogo, ou azar, xunto co arquivo da memoria visual, propician a orixe de novas propostas. Noutros casos, como non podía ser doutro xeito, a reflexión segue a cumprir un papel esencial.

En xeral, as imaxes parten de «montaxes» efémeras cun marcado carácter escultórico que se aproveitan da manipulación da escala e nútrense fundamentalmente de elementos que proceden da natureza, da produción industrial ou ocasionalmente de obxectos atopados. As interferencias co teatro, o cine ou a arquitectura son inequívocas, así como a influencia do surrealismo, antes practicamente imperceptible.

gustaba da arte efémera  
e da poesía

deixaba versos no po  
no bafo dos cristais  
na beiramar

non procuraba editor  
e –malia ser  
politicamente incorrecto–  
devecía por escribir  
nas ás dalgunhas aves

de súpeto converteuse  
nun poeta maldito

(alérxico á humidade  
ao lixo ao po ás plumas)

## POESÍA

A palabra, os versos, levan acompañándome dende que fun consciente da posibilidade de alterar a realidade dende un punto de vista mental. É unha relación complicada, pero imprescindible. O primeiro responsable foi Curros Enríquez, quedei abraiado ao ver como transmitía moitas das miñas preocupacións dun xeito tan sublime. Desá experiencia xuvenil nace o pracer por explorar as posibilidades creativas da linguaxe que, por outra parte, na súa xénese, non está tan lonxe doutras disciplinas como pode parecer.

Co paso do tempo, a poesía foise acomodando e inspeccionando parcelas máis reservadas e que doutro xeito terían certa dificultade para mostrarse.



Dous libros: construcións, de Eduardo Estévez e Mientras tanto dáme la mano, de Kirmen Uribe, teñen moito que ver con esta exposición pública, tan sincera como arriscada. Prefiro pensar que, no último caso, as palabras lévaas o vento.

A MÉTRICA DO ILUSIONISMO é polo tanto un exercicio de introspección, pero tamén un *striptease*. Series como «O noso mar», «Os ollos das palabras», «O espazo raptado», «Silencios habitables», etcétera, son unha ollada persoal que tamén explica procesos colectivos, pois o mundo empeza e acaba onde pousamos a ollada.

# a métrica do ilusionismo caxigueiro

Do 19 de decembro de 2019  
ao 25 de febreiro de 2020

